

**RESOLUCIÓN DA VICERREITORIA DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DO
26 DE FEBREIRO DE 2014 SOBRE O RECOÑECIMENTO DE DÍAS ADICIONAIS DE
PERMISO POR ASUNTOS PERSOAIS DURANTE O ANO 2014.**

No Calendario Laboral da UDC para o ano 2014, aprobado pola Xerencia con data 11 de decembro de 2013, figuran os días 1 de novembro e 6 de decembro como festivos laborais de ámbito nacional, de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble pola Comunidade Autónoma e o 17 de maio como festividade laboral en Galicia, de conformidade coas correspondentes normas de ámbito estatal (Resolución do 8.11.2013 da Dirección General de Empleo, BOE do 20 de novembro) e autonómico (Decreto 127/2013, do 1 de agosto, DOG do 8 de agosto), coincidindo os tres días con sábado en 2014. Pola súa parte, a Resolución do 12 de marzo de 2013, da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG do 20 de marzo), de aplicación supletoria, dispón na instrución décimo segunda 5. que se incorporará un día adicional de asuntos persoais por cada unha das festividade laborais de ámbito nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble pola Comunidade Autónoma, cando coincidan con sábado no dito ano, circunstancia que se produce en 2014.

Por outra parte, a Resolución da Xerencia do 23 de novembro de 2006 e o Calendario Laboral da UDC para 2014 recollen como día inhábil para efectos lectivos e laborais o día de inauguración do curso académico. Por corresponder a inauguración do curso académico 2014-2015 á Universidade de Vigo, este día pasa a ter na UDC a condición de hábil para efectos laborais, polo que cómpre facilitar a súa compensación mediante a concesión dun día adicional de asuntos persoais.

Polo exposto, de acordo coas atribucións delegadas pola Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2012, e ex postas estas circunstancias condicionantes do réxime de goce dos días festivos ou inhábiles indicados perante os Órganos de representación do persoal, acórdase:

PRIMEIRO: Engadir para o presente ano 2014 os seguintes días adicionais de asuntos persoais :

- a) Tres días adicionais en substitución dos festivos oficiais que coinciden con sábado en 2014.
- b) Un día adicional en substitución do día de inauguración do curso académico 2014-2015, tendo este día de inauguración a condición de hábil na UDC.

SEGUNDO: Os indicados días adicionais de asuntos persoais poderán solicitarse, a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da UDC, de conformidade co réxime xeral previsto para esta clase de permisos.

TERCEIRO: Esta resolución é de aplicación ao Persoal Docente e Investigador dos Corpos docente universitarios e ao persoal contratado comprendido no II convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

A Coruña, 26 de febreiro de 2014
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente


Gustavo Rego Veiga

PDI DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA